

Tres mulleres do seu tempo

Heidi Kühn-Bode



BAÍA EDICIÓN S



Heidi Kühn-Bode. (3-7-1945, Eching/Bavaria/Alemaña)
(1968, Galicia).

Casada, tres fillas, Sonia, Katia e Jenny, e tres netos chamados Albertiño ou Albertinchen, de dez anos, Juanchiño ou Hänschen, de oito anos e Emiliño ou Emilinchen, de seis meses.

Son filóloga, escritora, profesora e tradutora de lírica galega, ilustradora e especialista en parques infantís. Escribín a miña novela *Pomerania meu amor*, en alemán e tamén en castelán.

Gusto moito de correr, pintar cadros de 130x160, vivir no bosque, nadar nas augas frías dos mares, ríos e lagos, falar con Marica Campo e tamén con Beiras, tocar a frauta, o violín e xogar coas criaturas pequenas; os bebés nacen sabendo a lingua alemá; outro misterio.

En galego, entre outras obras, publiquei:

Fideliño o Carteiro. Ed. Bruño (1991), *Teatro para contistas*. Baía Edicións (2002), *Os mundiños*. Edicións do Castro (2003), *Pomerania meu amor*. Espiral Maior (2005), "E dixo fresquiño, o libro riquiño", en *Contos de vermes, libros, princesas e parrulos*. Col. Lagarto Pintado. Xunta de Galicia (2006), *Casahamlet* nº. 9. *As bágoas de Luise Thermann* (2007). *Tres mulleres do seu tempo*. Baía Edicións (2009).

Premios:

Amicus Poloniae, da revista *Polen*, Varsovia, 1978.

Estornela, da Fundación Xosé Neira Vilas. *Os mundiños*, 2003.



Índice

I. Brigantia, a pintora de san Roque	9
II. Xoana de Vega, mestra de raíñas e princesiñas	57
III. Da rapaciña María Casares e de como xoga	119

I. Brigantia, a pintora de San Roque

Biografía de Brigantia, a pintora de San Roque

Brigantia de San Roque naceu no ano 1757, filla da tixoleira meiga Antía de San Roque, e do trobador Xan das Fallas. Debido á escuridade dos tempos e por non figurar nos libros de bautizo, hai moi poucos datos sobre a familia. Sabido é que Brigantia foi artista desde pequena. Non se sabe de quen aprendeu o oficio de pintar. Aínda murmuran as veciñas e comadres sobre as artes da súa nai Antía, que até fabricaba para a súa filla as pinturas cos ingredientes que lle ofrecía a natureza xenerosa no seu máxico xardín; o seu pai traíalle os pinceis de pelos de orella de boi das súas viaxes e roldas frecuentes. Brigantia recibía os lenzos da súa amiga Xuliña Augamariña, tecidos por ela á luz da lúa. Brigantia tiña tres fillas e un fillo: Valeriana, Pimpinela, Melisa e o pequeno Rosmariño. Desde moi nova, Brigantia recibiu encargos de restaurar algunha pintura nas igrexas. Era moi hábil nese oficio tan importante. Con catorce anos recibiu o seu primeiro encargo: pintar para unha capela uns anxos sentados nas nubes. Desde aquel día, foi reclamada por máis parroquias para pintar anxos, xesusiños, a virxe María, paxaros e paisaxes. Sempre gañaba máis que suficiente para o seu sustento. Cando Xan das Fallas volvía das súas viaxes, sempre atopaba a súa filla pintando anxos, flores, árbores e paxaros. “Que marabilla! –dicía o pai aos seus amigos e coñecidos–, ter unha filla artista que xa é un portento aos catorce anos!” Brigantia quería moito o seu pai, era moi agarimoso con ela e dicía-

Ile que a admiraba pola súa pintura tan brillante e atractiva, e que era tan intelixente e dotada como a súa nai, Antía de San Roque. A pequena Brigantia dicíalle ao seu papá que non casaría nunca. E así foi: non casou xamais, pero namorouse dun músico moi riquiño que se chamaba Fermosindo e tocaba a viola da gamba e a espineta, que tiña que levar nun carro polo grande que era, e tiveron tres fillas e un filliño. Fermosindo alegráballes a vida ás súas fillas e ao seu fillo coas doces composicións súas. Tiña moitas dife-



rentes composicións, matutinas ou nocturnas, cantos de berce, bailes para as vodas, mazurcas para o verán e sonatas para o inverno. Non se sabe ben o que lle ocorreu, pero dunhas das súas viaxes musicais non volveu. Brigantia tiña cada vez máis traballo, e as súas fillas xa estaban moi preparadas para lle axudar na súa obra, e, polos cadros de anxiños asinados por BRIGANTIA nunhas catedrais moi famosas, parece que até houbo varias estancias nunha cidade chamada Colonia Agrippinensis. Hai datos de que ela emprendera unha viaxe moi longa con toda a súa familia e mais a súa amiga a meiga Xuliña Augamariña. Na pequena parroquia de San Roque sempre falaban moi ben de Brigantia e das marabillas dos cadros artísticos seus, e da sona que tiña ela fóra de San Roque. Pouco sabemos sobre o resto das vidas de Brigantia e a súa familia, de maneira que podemos supoñer que volveron á San Roque despois das súas viaxes, e viviron pintando, estudando, plantando, tixelando, bailando, cantando e facendo festas no xardín á luz da lúa ou do sol, en compañía do suave orballo ou da chuvia furiosa, felices e contentas, escoitando a alxueirada e fragor do baile das ondiñas do mar atlántico.

PERSONAXES

A Contista

Brigantia, a pintora de San Roque

Valeriana, a súa filla maior, de quince anos

Pimpinela, de trece anos

Melisa, de dez anos

Rosmariño, de sete anos

A meiga **Xuliña Augamariña**

O gato **Felisiño Trampulleiro**

O pintor alemán **Agrippino de Colonia**

Escena I

Contista — *Brigantia saíra moi cedo hoxe da súa casa de San Roque de Enriba. Agora xa estaba cargada cunha cesta chea de peixe fresco, un agasallo da súa amiga Florentina, a peixeira. Entrou na pequena rúa que a levaría á Parroquia de Santa María, para recoller o pago polos tres cadros grandes de anxos que pintara hai pouco para os laterais do altar de Santa María. Sentíase feliz. Aínda non sabía exactamente cantas moedas de prata recibiría polas súas pinturas, pero sen dúbida encherían de novo a súa caixa de madeira que levaba un tulipán vermello pintado na cuberta xunto ao seu nome escrito nun verde brillante:*

Brigantia, a pintora de San Roque.

Tiña boa sona como pintora en toda a comarca e até fóra dos seus lindes.

Á súa volta levaba aínda máis peso, pero non lle importou a carga: a caixa de madeira pesaba moito polas moedas de prata.

Brigantia — *Filliñas! Valeriana! Pimpinela, Melisa? Meu Deus! Pero onde están esas criaturas? Rosmariño, ti sabes onde poden estar as rapazas?*

Contista — *O seu fillo Rosmariño era o máis pequeno, tiña sete anos, o pelo de cor cenoria e uns*

ollos azuis moi espertos que miraban o mundo con moita curiosidade. Estaba moi contento, sentado no xardín xogando cunhas cunchas que antes fretara ben na fonte, porque gustaba moito da limpeza, e cantando unha das súas cancións fantasiosas; todas eran inventos seus e moi admiradas polas súas irmás, Valeriana, de quince anos, Pimpinela, de trece e Melisa, de dez.

Rosmariño — (*Cantando moi alto*) Cococó, cococó, quiqueriquí, son o galo Filipiño! Quiqueriquí, cocorocó, estou aquí! Son o galiño cantariño! Vivo na gloria papando cenoria. Quiqueriquí, cococó, son o galiño Filipiño!

Brigantia — (*Rindo.*) Ven aquí, filliño, dáme un bico. Que fillo máis riquiño teño! Sempre está cantando... ven, meu reisiño.

(Rosmariño corre aos seus brazos.)

Rosmariño — (*Apertándoa, dándolle bicos.*) Mamá, as rapazas foron coller unhas herbas ás rochas, non sei cales son. Chámanse Caramelo ou algo así... non sei.

Brigantia — (*Rindo, dándolle outro bico.*) Ai meu doce filliño! Caramelo non creo que sexa... será camomila, non?

Rosmariño — Si, si... é esa palabra, camomila. É para facer doces, vai que si?

Brigantia — Ai meu reisiño! É para facer unha infusión moi boa.

Rosmariño — Eu que sei o que é unha invasión, mamá! Non entendo ben, pero escoitei dicir que é cando veñen moitos soldados en tropel... e creo que sen petar antes na porta, vai que si, mamá?

Brigantia — Ai que neniño máis espelido! Non estaba falando de invasión, meu pinchiño, só de infusión de camomila, que é un té.

Rosmariño — Infusión, invasión ou confusión... ai que leas! Non entendo nada.

Brigantia — Que máis ten, ti vai xogar á horta, cuquiño meu, veña! Teño moito traballo.

Rosmariño — Pero... pero... pintar cadros é un traballo? É tan divertido... non é como xogar?

Brigantia — (*Sorrindo.*) E ti, galopín, recibes un pago por xogar?

Rosmariño — Non, e iso paréceme unha inxustiza, mamá. Ti pintas cantando e todo o que pintas é tan bonito! Cando pintas, vexo que ti es feliz. E por riba danche diñeiro!

Brigantia — Claro, porque es un traballo. Veña, neniño, corre á horta e xoga, que aos sete anos non hai pagos, e menos por xogar!

Rosmariño — (*Moi esperanzado.*) Pero se eu son feliz xogando e ti es feliz pintando... ao mellor me pagan por xogar cando sexa maior?

Brigantia — (*Impaciente, pero riseira.*) Vai, vai con Felisiño Trampulleiro, que está no xardín, veña!
(*Escóitase o gato que fai un ruído de tigre.*)

Rosmariño — Xa vou, gatiño, xa vou. Marcho voando, mamá! Espérame, Felisiño Trampulleiro!

(Sae correndo ao xardín.)

Felisiño Trampulleiro — Miau! Miau! Xa era hora, Rosmariño Tontiño! Veña, subamos á figueira!

Rosmariño — Non, non podo, mamá di que rompen as polas, é unha árbore sagrada.

Felisiño Trampulleiro — *(Sarcástico.)* Tamén di a túa nai que se vai facer rica coa pintura.

Rosmariño — *(Emperrenchado.)* Pois é certo, malvado Felisiño Trampulleiro espantoso! Traerá unha caixa chea de moedas de prata, en pago polos tres cadros tan preciosos de anxos e santiñas que pintou para a parroquia!

Felisiño Trampulleiro — *(Moi malvado.)* Con tantas bocas famentas na casa non han durar moito as moedas de prata!

Rosmariño — *(Moi indignado.)* Pois é tanto que podemos vivir meses do que lle pagaron, paréceche pouco? Malvado, bocapodre! Ti sempre igual, que ocorre, tes envexa? Queres ser pintor tamén, Felisiño Trampulleiro?

Felisiño Trampulleiro — *(Rindo sarcasticamente.)* Envexa eu? Vivo como o emperador de Exipto, Rosmariño Bobiño! Eu teño de todo e os cans non me collen nin vivo nin morto nas alturas, son o gabeador máis afamado de San Roque!

Rosmariño — *(Burlón.)* Si, si, de San Roque de Enriba e parte das Indias chinesas.

Felisiño Trampulleiro — *(Encabuxado.)* Que ocorre, que xa estudas xeografía, Rosmariño Brutiño?

Rosmariño — *(Dándolle unha labazada ao gato.)* Non sei o que é! Lisca, gato farsante!

(Felisiño Trampulleiro escapa facendo ruído de tigre cabreado.)

Felisiño Trampulleiro — Gggghhgggg! Miauomiauomiau!!!

(Entran no xardín Valeriana, Pimpinela e Melisa, as tres fillas.)

Melisa — Como está o gato, que ferocidade! Anda, entra na casa, besta trampulleira!

(O gato lisca, facendo ruídos furiosos.)

Pimpinela — Non sei, non me gusta deixar o pequeno na casa co gato. Non me fío moito del, é algo malvado.

Valeriana — Pode que sexa un pouco pesadiño, pero eu fico tranquila cando Rosmariño queda na casa co gato.

Pimpinela — Quizás teñas razón, é moi forte e defenderíao.

Melisa — É certo, se houberse un problema, o gato seguro que o resolvería; é como un amigo moi grande, daría medo a calquera delincuente, vai que si?